



## Concello de Lourenzá

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2022/1	El Pleno

#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	17 de marzo de 2022
<b>Duración</b>	Desde as 20:30 ata as 21:24 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Sesións
<b>Presidida por</b>	rocio lopez garcia
<b>Secretario</b>	Begoña González Pedregal

#### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33832911A	ANTONIO REGO REY	NON
35312108R	AUREA MARÍA VÁZQUEZ ABAL	SÍ
33997496T	EDUARDO JOSE REIGOSA BRAÑA	SÍ
34880827Q	ENRIQUE JOSÉ ROCHA PÉREZ	NON
33995905L	FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BARRERA	SÍ
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
33844382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	SÍ
76580879X	rocio lopez garcia	SÍ





## Concello de Lourenzá

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR 18/11/2021.

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o borrador da acta da sesión anterior, a da sesión ordinaria celebrada o día dezoito de novembro do dous mil vinte e dous (18/11/22) distribuído coa convocatoria, e non habendo nada, dito borrador foi aprobado por unanimidade dos concelleiros presentes na sesión.

#### Expediente 162/2021. PADRÓN MUNICIPAL HABITANTES A 01/01/2021.

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Neste punto do orde do día deuse conta das cifras resultantes da revisión do Padrón Municipal de Habitantes Concello de Lourenzá, co resume numérico da poboación do termo municipal totalizado á data de 1 de xaneiro do 2021, tal e como se interesa pola Delegación Provincial do Instituto Nacional de Estatística, coas seguintes cifras:

##### 1.- VARIACIÓNS NO NÚMERO DE HABITANTES:

CONCEPTO	TOTAL	HOMES	MULLERES
Poboación do municipio a 01/01/2020	2.141	1.041	1.100
Altas de 01/01/20 a 01/01/21	89	44	45
Baixas de 01/01/20 a 01/01/21	99	52	47
Variacións por erro en el sexo: Altas/Baixas	0	0	0
<b>Poboación Municipio a 01/01/2021</b>	<b>2.131</b>	<b>1.033</b>	<b>1.098</b>
Datos INE	<b>2.129</b>	<b>1.032</b>	<b>1.097</b>

##### 2.- CAUSAS DE VARIACIÓN NO NÚMERO DE HABITANTES:

CONCEPTO	NACEMENTOS/ DEFUNCIÓNS	CAMBIOS RESIDENCIA		OMISIÓN/ INSCRIPCIÓN INDEBIDA
		De/a	outro	





## Concello de Lourenzá

		municipio	estranxeiro	
Altas residentes no Municipio	11	72	1	5
Baixas residentes no Municipio	41	51	1	6

### 3.- ALTERACIÓNS MUNICIPAIS POR CAMBIO DE DOMICILIO DENTRO DO CONCELLO:

CONCEPTO	TOTAL	HOMES	MULLERES
Cambios domicilio(secciones del municipio)	5	2	3

O Pleno da Corporación , por unanimidade dos concelleiros presentes na sesión, conformou as cifras do Resume numérico de referencia.

### Expediente 444/2021. EXAME E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PRESUPOSTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2022.

**Non hai acordo** | **Motivo:** Ampliar documentación

Neste punto da orde do día polo voceiro do P.Popular, Sr. Rodríguez Barrera alertouse que no expediente de Gestiona 444/2021 referente ós Presupostos do exercicio 2022, non aparecen volcados os datos dos Estados de Gastos/Ingresos para dito exercicio desenvolvidos por partidas, artigos e conceptos, figurando en cambio o resto da documentación.  
O Pleno, ó ratificarse pola Secretaría-Intervención dito feito, acordou por unanimidade deixar o asunto sobre a mesa e convocar unha sesión extraordinaria, dada a necesidade urxente da súa aprobación, para a semana próxima.

### Expediente 73/2022. EXAME E APROBACIÓN, SE PROCEDE, PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE LOURENZÁ.

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

#### ANTECEDENTES

O 31.10.2019,o Concello de Lourenzá, solicita a adhesión ao Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias (expte: 753/2019).  
O dito Convenio foi ampliado con ate 4 addendas con posterioridade. Con data 04/12/2019 comunícaselle a este Concello





## Concello de Lourenzá

a aprobación da solicitude e formalizase dito Convenio de adhesión. Con data 7 de febreiro de 2022, a Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellaría do Medio Rural, en virtude do establecido no dito Convenio de colaboración, remitiu ao Concello un Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Lourenzá elaborado polo SEAGA.

Con data 08/02/2022 emítese informe por parte da Arquitecta do Concello, D<sup>a</sup>. Marta Sánchez Seivane no que se sinala que é necesario facer algunha corrección no dito Plan.

Posteriormente pola Alcaldía, en data 08/02/2022 solicítase o informe vinculante e preceptivo da Dirección Xeral de Defensa do Monte, de conformidade co disposto no artigo 16.3 da Lei 3/2007 de 9 de abril de Prevención e Defensa contra os incendios forestais en Galicia.

Con data 17/02/2022 a Dirección Xeral de Defensa do Monte envía o Plan Municipal de Defensa contra incendios forestais, unha vez corrixido así como o informe vinculante e preceptivo da Dirección Xeral de Defensa do Monte.

O día 21/02/2022 emítese informe favorable pola arquitecta do Concello, D<sup>a</sup>. Marta Sánchez Seivane.

Consonte o artigo 16.5 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia que dispón que a coordinación e a xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais compete aos alcaldes ou alcaldesas.

Visto que a elaboración, execución e actualización deste planeamento ten carácter obrigatorio, sométese a aprobación o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Lourenzá

Vista a documentación que conforma o Plan, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos nove concelleiros presentes na sesión, sendo o seu número legal de once, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os incendios forestais do Concello de Lourenzá.

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública de vinte días laborais mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, así como na páxina web do Concello. Durante o dito prazo quedará o expediente a disposición de calquera persoa ao obxecto de que se poidan formular as suxestións, observacións ou alegacións que se estimen pertinentes. No caso de non formularse alegacións, observacións ou achegas considerarase elevado a definitivo o Plan aprobado inicialmente.

TERCEIRO.- Solicitar informe preceptivo á Dirección Xeral de Defensa do Monte como órgano competente en materia forestal, con carácter previo a súa aprobación definitiva con remisión das





## Concello de Lourenzá

alegacións e/ou achegas formuladas, no caso que as houbera.  
**CUARTO.-** Facultar á Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Rocío López García , para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

### **Expediente 125/2022.-PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM.9 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VÓ DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL (TERRAZAS).**

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Seguidamente e unha vez vista a proposta da Alcaldía sendo o seu contido literal o que se transcribe a continuación:

*“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM.9 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VÓ DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL.*

*D<sup>a</sup> ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZÁ,*

*Dada a grande perda económica para os empresarios do noso concello que, durante estes dous anos, supuxo a pandemia do Covid-19 e co fin de paliar estes prexuízos e como medida para facilitar a recuperación económica , a miña proposta é a seguinte:*

*PRIMEIRO.-A Modificación da Ordenanza Fiscal núm.9 Reguladora da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e vó do dominio público local, nos termos seguintes:*

*Introducir unha Disposición Adicional Terceira co obxecto de paliar as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID-19 e co fin de impulsar a actividade económica no concello de Lourenzá, que será do seguinte tenor:*

*“Disposición Transitoria “En atención á situación excepcional xerada pola crise sanitaria motivada polo COVID-19, suspendese a aplicación da presente Ordenanza durante o ano 2022 e polo tanto, no estarán obrigados ó pago da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial DO SUBSOLO, SOLO E VÓ DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, para o exercicio 2022 os suxeitos pasivos que debeñan a cota da taxa entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembre do 2022.*

*A aplicación desta suspensión temporal no conleva a eliminación da preceptiva autorización municipal para a ocupación do dominio público, requisito que segue sendo imprescindible para a realización de toda actividade desta natureza en espazos de uso público.”*





## Concello de Lourenzá

*SEGUNDO.- Someter o acordo plenario ós requisitos de exposición ó público a efectos de reclamacións, durante trinta días como mínimo, e anunciarlo por medio de edicto, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, tal como preceptúa o art. 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

*TERCEIRO.- A modificación da Ordenanza Fiscal aprobada entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e cando transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación con 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local. Seguirán en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.*

*CUARTO.- Elevar a definitivo o acordo se non se presentan reclamacións ó mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17 da referido Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O acordo definitivo resolvendo, no seu caso, as reclamacións presentadas e a nova redacción da Ordenanza modificada haberá de ser publicado no B. O. de la Provincia, segundo dispón o número catro do mesmo artigo e Lei xa citados.*

*Non obstante, o Pleno acordará o que estime pertinente, en Lourenzá a vinte e cinco de febreiro do dous mil vinte e dous.*

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos nove concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de once, ACORDOU:

**PRIMEIRO.-**A Modificación da Ordenanza Fiscal núm.9 Reguladora da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e vó do dominio público local, nos termos seguintes:

Introducir unha Disposición Adicional Terceira co obxecto de paliar as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID-19 e co fin de impulsar a actividade económica no concello de Lourenzá, que será do seguinte tenor:

**“Disposición Transitoria** “En atención á situación excepcional xerada pola crise sanitaria motivada polo COVID-19, suspendese a aplicación da presente Ordenanza durante o ano 2022 e polo tanto, no estarán obrigados ó pago da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial DO SUBSOLO, SOLO E VÓ DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, para o exercicio 2022 os suxeitos pasivos que debeñan a cota da taxa entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembre do 2022.

A aplicación desta suspensión temporal no conleva a eliminación da preceptiva autorización municipal para a ocupación do dominio público, requisito que segue sendo imprescindible para a realización





## Concello de Lourenzá

de toda actividade desta natureza en espazos de uso público.”

**SEGUNDO.-** Someter o acordo plenario ós requisitos de exposición ó público a efectos de reclamacións, durante trinta días como mínimo, e anunciarlo por medio de edicto, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, tal como preceptúa o art. 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**TERCEIRO.-** A modificación da Ordenanza Fiscal aprobada entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e cando transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación con 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local. Seguirán en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

**CUARTO.-** Elevar a definitivo o acordo se non se presentan reclamacións ó mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17 da referido Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O acordo definitivo resolvendo, no seu caso, as reclamacións presentadas e a nova redacción da Ordenanza modificada haberá de ser publicado no B. O. de la Provincia, segundo dispón o número catro do mesmo artigo e Lei xa citados.

**QUINTO.-** Facultar a la Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Rocío López García, para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

### **Expediente 633/2017. MEMORIA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN PLENO E PUBLICACIÓN NA WEB PARA O ESTABLECEMENTO DUNHA TAXA APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA, E HIDROCARBUROS .**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A continuación e neste punto da orde do día, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos nove concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de once, APROBOU a Memoria presentada pola Alcaldía de data 09/03/2022 e pola que se xustifica a imposición dunha TAXA polo APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA, E HIDROCARBUROS, sendo o seu contido o que segue:

“De conformidade co establecido no artigo 133 da Lei 39/2015 do 1





## Concello de Lourenzá

de outubro de procedemento administrativo común, con carácter previo á elaboración do proxecto de ordenanza, substanciárase unha consulta pública, mediante o portal web da Administración competente, de conformidade co artigo 133 referido.

Xa que se trata neste caso de aprobación dunha Ordenanza Fiscal, seguiranse os específicos trámites que impón a Lei de Facendas Locais.

A Lei de Facendas Locais (Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) e dentro da capacidade tributaria dos Concellos, fundada na Autonomía Constitucional que lles outorga o art. 140 da CE establece a posibilidade dos Concellos, de forma xenérica, de establecer taxas á ocupación do dominio público local (artigo 20 e seguintes do TRLHL.)

No presente caso, e en virtude da potestade regulamentaria das Entidades locais, preténdese crear un corpo normativo que regule adecuadamente, mediante Ordenanza Fiscal, o establecemento dunha TAXA polo APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA, E HIDROCARBUROS neste termo municipal.

1.- XUSTIFICACIÓN DA ORDENANZA: O acordo de establecemento desta taxa adoptárase á vista dun informe técnico - económico no que se poñerá de manifesto o valor de mercado, o método de cálculo do que, así como parámetros previstos no mesmo, foi validado polo Tribunal Supremo mediante múltiples sentenzas citándose, para o efecto, a n.º 2708/2016 [Recurso de Casación 1117/2016]; n.º 2726/2016 [Recurso de Casación 436/2016]; n.º 49/2017 [Recurso de Casación 1473/2016], n.º 489/2017 [Recurso de Casación 1238/2016], n.º 292/2019 [Recurso de Casación núm. 1086/2017], n.º 308/19 [Recurso de Casación 1193/2017], n.º 1649/2020 [Recurso de Casación 3508/2019], n.º 1659/2020 [Recurso de Casación 3099/2019], n.º 1783/2020 [Recurso de Casación 3939/2019] e n.º 275/2021 [Recurso de Casación 1986/2019]. Finalmente as ditadas por outros Tribunais Superiores de Xustiza ( TSJ) durante os anos 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021. Tanto o Tribunal Supremo como os diferentes TSJ deron plena validez ás Ordenanzas Fiscais que, de forma voluntaria, poden aprobar os Concellos afectados por liñas de transporte de enerxía eléctrica, auga, gas, hidrocarburos e similares, sempre que se ocupen ou utilicen nos seus aproveitamentos terreos de dominio público municipal.

Ademais de todo o exposto, recentemente produciuse un novo pronunciamento do Tribunal Supremo declarando suficiente motivado o Informe técnico - económico en canto á determinación do módulo básico de repercusión do chan ( MBR) e do módulo básico







## Concello de Lourenzá

de construción ( MBC) efectúanse por remisión á Orde EHA / 3188/2006, do 11 de outubro, modificada pola Orde EHA / 2816/2008 e no Relatorio de Valores (Sentencia núm. 1501/2020, do 12 de novembro de 2020).

Posteriormente, a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Supremo pronunciouse sobre a necesidade de ter en conta, á hora de fixar o tipo de gravame, a intensidade de uso do dominio público [Sentencia núm. 1659/2020; Sentencia núm. 1707/2020; Sentencia núm. 1681/2020; Sentencia núm. 1702/2020; Sentencia núm. 1682/2020; Sentencia núm. 1738/2020; Sentencia núm. 1759/2020 e Sentencia núm. 1783/2020].

Prevese implantar no exercicio 2022, como norma local, a Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local.

**2.- DENOMINACIÓN: ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL** por parte de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga, e hidrocarburos.

**3.- POSTA EN MARCHA DAS TAXAS:** De acordo coa lexislación en vigor, a esixencia de taxas a empresas que aproveiten o dominio público local en beneficio propio, requiren da aprobación dunha ordenanza fiscal polo Concello, xunto cun informe técnico - económico que prevé o artigo 25 da citada norma.

**4.- OBXECTIVO:** Gravar o aproveitamento especial do dominio público local no seu chan, subsolo e voo, con:

a) Instalacións de transporte de enerxía con todos os seus elementos indispensables que aos meros efectos enunciativos defínense como caixas de amarre, torres metálicas, transformadores, instalacións ou liñas propias de transporte ou distribución de enerxía eléctrica , gas, auga ou outras subministracións enerxéticas, instalacións de bombeo e outros elementos análogos que teñan que ver coa enerxía e que constitúan aproveitamentos ou utilizacións do dominio público local non recollidos neste apartado.

b) Instalacións de transporte de gas, auga, hidrocarburos e similares.

Afectación, esta, pola que o Concello non está a percibir contraprestación en detrimento do interese público.

**5. SUXEITO PASIVO E OBRIGADO CUMPRIMENTO:** De acordo coa legalidade vixente, resultan ser as empresas que realizan un aproveitamento especial do dominio público local con instalacións de transporte de enerxía, auga, gas, hidrocarburos e as tarifas que deben pagar veñen dadas na ordenanza que aprobe o pleno municipal de conformidade co establecido nos trámites regulamentarios previstos nos artigos 15 e seguintes do Texto





## Concello de Lourenzá

refundido da lei de facendas locais.

6.-Farase público no portal web de transparencia deste Concello por prazo de 15 días a fin de dar audiencia xeral.

### **Expediente 535/2021.BONIFICACIÓN DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS(ICIO) OBRA RESTAURACIÓN IGREXA DO MOSTEIRO DE SAN SALVADOR.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Chegado este punto, e unha vez coñecido o contido da proposta da Alcaldía, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos nove concelleiros presentes na sesión, sendo o seu número legal de once, ACORDA:Aprobar a Resolución da Alcaldía nos termos nos que está redactada, sendo o seu contido literal o que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.-Vista a solicitude de licenza presentada pola DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL, de la Consellería de Cultura, Educación e Universidade, con NIF. NÚM.A12025014, con sede en Complexo Administrativo San Caetano, Edificio núm. 3-2º (15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA) con fecha 15/10/2021 e que tivo entrada nas oficinas municipais o mesmo día, sendo rexistrada de entrada co núm. 2031 (GESTIONA 535/21), para a realización dos traballos consistentes en RESTAURACIÓN DA IGREXA DO MONASTERIO DE SAN SALVADOR DE LOURENZÁ (LUGO),para o que se acompaña proxecto básico e de execución redactado por D. José María Alonso Montero, Colexiado núm.381 del COAG, de data Novembro/2020.

Visto que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 24/02/2022 aprobou a concesión de dita licenza cun presuposto de execución DUASCENTAS TRINTA E SETE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON SETE CÉNTIMOS (237.999,07), e que lle correspondería abonar polo concepto do Imposto de Construcións, Instalacións e obras (ICIO) a cantidade de Sete mil cento trinta e nove euros con noventa e sete céntimos (7.139,97.-).

Visto que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, na súa solicitude de data 15/10/21, solicita, no caso de que estea regulado na Ordenanza Fiscal do Concello e proceda a súa aplicación, a concesión dunha bonificación sobre a cota do Imposto de Construcción, Instalacións e Obras (ICIO) ao abeiro do establecido no artigo 103,2a) do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o informe emitido pola Secretaria-Interventora en data 16/02/2022 en el que informase literalmente que: “El presupuesto de ejecución material de la obra asciende a DOSCIENTAS TREINTA Y SIETE MIL NOVECIENTAS NOVENTA Y NUEVE EUROS CON SIETE CÉNTIMOS (237.999,07), y el interesado debería abonar en concepto de Impuesto de Construcciones, Instalaciones y Obras, el 3% del presupuesto total de la obra, sin embargo de conformidad con lo dispuesto en el artículo 8.1.b) la cuota del Impuesto sobre construcciones, instalaciones y obras, será susceptible de bonificación, entre otros, en lo siguientes supuestos,





## Concello de Lourenzá

que ,literalmente son: 1.- Bonificación a favor de construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico - artísticas que reúnan as seguintes características:(...) b) O Estado, as Comunidades Autónomas, Entidades Locais e os seus respectivos organismos, gozarán da bonificación na cota do 50% polas construcións, instalacións e obras destinadas a centros educativo - culturais, sanitarios, asistenciais, sociais, culto relixioso ou os que se refiran á conservación, rehabilitación ou protección dos bens inmobles ou de espazos de interese que figuren nos Catálogos de Bens e Espazos protexidos. No mesmo artigo oito, no punto dous, establecece que as bonificacións previstas neste artigo existirán: a) Solicitud do interesado. b) Informe dos servizos municipais correspondentes e, en todo caso, informe, informe do servizo de xestión, recadación e inspección tributaria do concello. c) Acordo da Xunta de Goberno Local ou, no seu caso, do Pleno, por maioría simple dos seus membros. 3.- As solicitudes de bonificacións incluídas neste artigo deberán presentarse coincidindo coa solicitud das correspondentes licencias. Visto que el interesado presentou a correspondente solicitud xunto con a solicitud de la licencia, deberá ser el Pleno del Ayuntamiento quien adopte el acuerdo oportuno de bonificación, en cuyo caso el ICIO tendría una bonificación del 50% y en lugar de abonar 7.139,97 euros, deberá abonar en concepto de Impuesto de Construcciones, Instalaciones y Obras, la cantidad de Tres mil quinientos sesenta y nueve euros con noventa y ocho céntimos(3.569,98).”

Esta Alcaldía propón o Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a Bonificación do 50% do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) da Licenza de Obra solicitada pola DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para a execución da obra RESTAURACIÓN DA IGREXA DO MONASTERIO DE SAN SALVADOR DE LOURENZÁ (LUGO), de conformidade co artigo 8.1b) da Ordenanza Fiscal Reguladora de dito imposto.

Segundo.- Notificar o presente acordo á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o seu coñecemento e efectos oportunos, indicándolle que deberá abonar en concepto de Imposto de Construcións, Instalacións e Obras(ICIO), a cantidade de Tres mil cincocentos sesenta e nove euros con noventa e oito céntimos (3.569,98).-

Terceiro.- Facultar á Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Rocío López García, para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo .”

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

#### **DACIÓN CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA DENDE A NUM.2021-1429 DE 06/09/2021 ATA A NUM.505 DE 11/03/2022.**

A continuación deuse conta ó Pleno das Resolucións da Alcaldía dende a o Número 2021-1429 de 6/09/21 ata a Número 2022-505 de 11/03/22 e que puideron ser consultadas electronicamente polos concelleiros no Libro de Resolucións da Alcaldía.





## Concello de Lourenzá

### DACIÓ N CONTA EXECUCIÓ N PRESUPOSTARIA 4º TRIMESTRE 2021.

Chegado este punto da Orde do día deuse conta do informe emitido sobre a execución do presuposto correspondente ó **CUARTO TRIMESTRE DO EJERCICIO 2021**, que foi enviado ao Ministerio de Economía e Facenda o día 19/01/2021, dando cumprimento ao disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.

### DACIÓ N DE CONTA PMP E INFORME MOROSIDADE 4º TRIMESTRE 2021

Neste punto do orde do día e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta do informe do **CUARTO TRIMESTRE DO EJERCICIO 2021** relativo ao **CUMPRIMENTO DO PERÍODO MEDIO PAGO A PROVEDORES** de conformidade coa establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014 do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, e que no Concello cumpriuse no Primeiro Trimestre do Exercicio 2021, posto que o Período Medio Global foi de 14,91 días. Ditos documentos foron remitidos á Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 19/01/2022.

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓ NS LIBRES

### ROGO BNG: ARRANXO FURANCHOS

Neste punto da orde do día, a concelleira do BNG., Sra. Vázquez Abal, presentou o seguinte Rogo á Alcaldía:  
“Dende o grupo nacionalista pensamos que aínda que no exista presuposto para o amaño de determinadas vías, sí sería necesario que se tomasen medidas para arranxar os furanchos que existen en moitas destas e así evitar posibles accidentes e destrozos nos





## Concello de Lourenzá

vehículos que circulan por elas.

Poñemos por exemplo a Avenida de Mondoñedo ou a pista que vai dende a estrada LU-122 á altura da nave de Maradona ata o Batán, nestas dúas por nomear algunha existen un par de furanchos onde ás veces é imposible pasar sen que unha das rodas do coche caia neles.”

A Sra. Alcaldesa quedou enterada do contido do Rogo.

### PREGUNTAS P.POPULAR PRESENTADAS PLENO 18/11/21

**As preguntas presentadas polo voceiro do P. Popular e que quedaron para o seguinte Pleno, foron as seguintes:**

**1ª.- O slogan das xornadas da Faba neste 2021(antes Festa da Faba) foi “Tes que vir”, a que tiña que vir a xente?**

*Polo voceiro do P.S.de G-P.S.O.E., Sr. Arango Ron, indicouse que o slogan era para que a xente viñera a Lourenzá, que fixérase fundamentalmente para a televisión, referido non soamente á faba senón tamén referido a Lourenzá monumental e utilizouse en máis cousas.*

*O Sr. Rodríguez Barrera aclarou que o que lle trasladaran fora que a xente viñera e que non había fabas, ao que o Sr. Arango replicoulle que había de todo menos os vendedores das fabas, que non estiveran, porque non quixeran vir, que houbera música, showcooking, actuacións, etc.*

**2ª.- Poden explicarnos en que gastaron 16.735 euros nas xornadas da Faba en Lourenzá?.**

O Sr Arango explicou que, sen decimais, os gastos foron os seguintes: Cartelería:133,00euros;Publicidade diversos medios como televisión, prensa e radio:3.381,00euros;Showcooking:2.117,00euros;Actuaciónsmusicais:10.377,00 euros; Fabas para hostalaría:648,00 euros; Material funxible:78,00 euros; en total 16.735,00 euros, dos que 12.000,00 euros foron a cargo do Plan do Único da Deputación Provincial e 4.700,00 euros a cargo do concello.

**3ª.- Que se vai facer na Fonte do Cura, en Santo Tomé?**

*Tiñamos dúbidas de se a fonte estaba ubicada no terreo propiedade do bispado ou se era pública, porque os veciños sempre pediranos que se amañara, e nun principio limpouse e como no catastro figuraba como municipal e despois de falar co bispado e dicirme que deles non constaba que fora, agora estamos mirando a ver que se pode facer, e por suposto facela accesible, xa que esta no camiño, e paga a pena poñela en valor.*

**4ª.- Unha das estradas principais do noso concello,a antiga nacional que vai ata Arroxo, estivo sen rozar ata esta**





## Concello de Lourenzá

### **semana, parécelles normal iso?**

*A Sra. Alcaldesa indicou que xa estaba rozada e que non procedía contestar á pregunta polo tempo que facía que fora formulada.*

### **5ª.- Cantos operarios temos agora mesmo no Concello?**

Pola Sra. Alcaldesa indicouse que operarios de fora, de obras, había sete operarios de obras e servizos sen contar limpeza, é dicir, albaneis, electricistas, etc, contando cos que son de Depuemprego.

### **6ª.- Que pasa co cableado do teléfono neste pobo? Hai moitos problemas, hai dous tirados e tamén o novo que puxo Adamo e se conta con autorización.**

Por parte da Alcaldía indicouse que era consciente de que os postes de cableado de teléfono eran un problema, porque en moitos sitios estaban moi mal colocados, e que se había algunha incidencia comunicábase enseguida e viñan a amañalos ou substituílo poste por outro novo, e polo que se refería a Adamo, cría que presentarían unha declaración responsable porque utilizaban o tendido de Viesgo. O Sr. Rodríguez Barrera indicou que o problema non estaba no tendido, que de feito falara cun técnico de Telefónica posto que ó parecer agora ían a colocar tamén eles a fibra e respecto ós postes díxerlle que tiñan que ser de cemento, que non se podían poñer de madeira e Adamo, colocara paus de madeira en tódolos sitios e incluso nas cunetas ou subindo a Soutelo, había un na mesma pista, porque na cuneta había millo, arriba do caseto de Luciano e por iso colocarano na pista e que efectivamente foran polo tendido pero onde non había, puxeranos en calquera sitio, que de feito no Camiño A, colocaran sete u oito, ademais moi mal fixados.

O Sr. Rodríguez Barreira indicou que o que quería saber era se tiñan algún permiso, porque dento duns anos, os paus ían a estar tirados polo chan, e máis nas pistas do monte porque nin se vían, respondendo a Sra. Alcaldesa que presentarían declaración responsable e que o mirara o técnico,

Posteriormente abriuse un pequeno debate sobre o feito de que se empregaban todas as compañías os mesmos tendidos, a calidade sería a mesma, e sobre que cada empresa facíase responsable de levalo dende o poste ata a casa, e que, Adamo levara os postes a todos os sitios aínda que non o pediran, que soamente quedarán a Cazolga e Oural, porque o farían cando despregaran a zona de Mondoñedo e que no urbano ou tiñas unha liña ou tiñas outra pero sen embargo se había unha avería en Movistar, tampouco habería R.

### **PREGUNTA BNG: MOSTEIRO**





## Concello de Lourenzá

*Dende o grupo nacionalista xurde a pregunta sobre o estado en que se atopa o tema do amaño do Mosteiro de San Salvador.*

*Dende a derradeira mesa de traballo na que se nos comunicou que debido a que se trata dun ben non municipal e que a cesión non era a solución para poder utilizar os cartos que supostamente nos concedían, non temos máis información ó respecto.*

*Ultimamente apareceu nos locais comerciais unha folla de petición de firmas para tal cuestión.*

*Gostaríanos coñecer a postura do grupo de goberno sobre esta iniciativa e saber si están a favor ou en contra e que posibilidades existen de que se leve a cabo ou ben cales serían as solucións que teñen contempladas.*

A Sra. Alcaldesa contestoulle que non tiña moita máis información, que o único que podía dicir de novo era que, posteriormente, falara con Nava Castro, a responsable de Turismo da Xunta, e que que lle dixera que non podían ser cesións demaniais pero que ó parecer, para o próxima convocatoria, ían deixar unha porta aberta para proxectos privados, que non sabía máis e que ó mellor, o concelleiro do P. Popular, Sr. Rodríguez Barrera tiña máis información por parte da Comunidade Autónoma.

O Sr. Rodríguez Barrera informou que soamente dixéranlle que houbera un cambio de criterio, e que, onde houbera cesións, en quince días, tiñan que ser substituídos por Bics públicos.

A Sra. Alcaldesa indicou que se intentara pero que no concello o único BIC que había público era a Casa do Concello, así que, en principio, o Plan de Turismo perderase, e dicir que non tiña cabida o Mosteiro e que estaban a espera de que puideran entrar proxectos privados, aínda que o Bispado tampouco sabía nada e que en canto ao Convenio, tampouco estaba posto que estaba vinculado á subvención, aínda que por parte do Bispado mostrárase plena disposición a colaborar e cedelo para calquera actividade que fixera falta e estaban pendentes de ter unha reunión para regular estes aspectos.

A Alcaldes continuou explicando que en canto á recollida de sinaturas, o equipo de goberno sempre estaría con calquera iniciativa cuia finalidade fora mellorar o patrimonio de Lourenzá pero que neste caso, quixeran manter unha posición neutral posto que eran os que tiñan que negociar con tódalas partes.

### **PREGUNTA BNG:PISTAS FORESTAIS**

*Dende o grupo nacionalista quixeramos coñecer, aínda que poida resultar repetitivo xa que se ten abordado noutros plenos, (son*





## Concello de Lourenzá

*cuestións que nos plantexan as veciñas e veciños) si se están a cobrar ós maderistas os avais antes de que empecen a traballar na retirada da madeira dos montes e si é así, coñecer si realmente eses avais utilízanse para o amaño das pistas unha vez retirada a madeira.*

*Opinamos que fan verdadeiras desfeitas nas pistas e quenes as sofren son as persoas que teñen que utilizalas despois e moitas veces estas mesmas son as que as amañan dentro das súas posibilidades para poder darlles uso como aconteceu no caso de Recemil.*

A Sra. Alcadesa contestoulle que había unha ordenanza que establecía unhas fianzas, que esa ordenanza non se estaba aplicando pero que o ano pasado asinárase un Convenio de boas prácticas coa Asociación de Maderistas de Lugo, no que se comprometían a esixir esas boas prácticas ós que estaban asociados e amparados por ela, que tiñan unha plataforma e cando se cortaba un monte, o maderista implicado colgaba nesa plataforma unha foto de como quedara despois da corta para poder facerse un seguimento.

A Sra. Vázquez Abal preguntou se dende o concello facíase un seguimento de como quedaba despois de sacar a madeira, indicándolle a Alcaldía que comprobábanos e intentaban facelo o mellor posible e que dende que se asinara o Convenio, levábase moito mellor porque ó fin e ó cabo eran asociados e non lles interesaba quedar mal coa Asociación.

Pola súa parte o Sr. Arango Ron puntualizou que as veces a xente queixábase antes de que estivera rematado todo o proceso, cando por exemplo estaba cortada a madeira pero faltaba retirar a biomasa.

### PREGUNTAS P.POPULAR

#### **1ª.-¿QUE XESTIÓNS FIXERON PARA PODER DERRIBAR A CASA VELLA DE “PAULO DO XAMAREGO”?**

A Alcaldía informou que era unha cuestión que xa demandaran en varias ocasións os veciños e que, esta última vez, a primeira xestión fora contactar co propietario, que estaba a favor de que se tirase e despois falara co Servizo de Vías e Obras da Deputación, e os técnicos competentes na materia vírono viable e agora estaban niso, porque tamén para a Deputación era bo, posto que poderían continuarse as beirarrúas.

#### **2ª.-EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11 DE XANEIRO DE 2022 APARECE UNHA FACTURA DE AGROFORESTAL ROUCO SLU POR IMPORTE DE 4.866,09 EUROS ¿QUE TRABALLOS**







## Concello de Lourenzá

### **FIXERON?**

En primeiro lugar a Alcaldesa indicoulle que as datas das Xuntas de Goberno ían mal, posto que o Sr. Rodríguez Barreira puxera a data que recibira o borrador da sesión e non a data da celebración da mesma, que a Xunta de Goberno fora o día 28/12/21 e non o día once de xaneiro do 2022.

A continuación e polo que se refire á factura, informou que se trataba do amaño do tractor Landini, conceptos como mantemento xeral, bomba de freo, soportes de farolillos, mantemento hidráulicos, revisión de cardillas, de manguetas, filtros etc. e horas de traballo.

O Sr. Rodríguez Barreira matizou que o motivo da pregunta era porque os gastos referíanse a mantemento e dado que o tractor se comprara un mes antes ao concello de Trabada, o lóxico era que estes gastos foran compartidos, posto que teríase que terse feito unha revisión antes de mercalo por un técnico, non só por un perito, e que estabamos a falar que se comprara o día 28/10/2021 e a factura era de decembro, o sexa menos dun mes, e que cousas como cambios de filtros, ó mellor tería que ter pagado o Concello de Trabada a metade, que sería o máis xusto.

Pola Alcaldía indicouse que o tractor valorárase antes de compralo, fora peritado segundo estaba e que non sabes si vai ter problemas, que as avirías xurdían cando menos o esperabas, e non se sabe cando van pasar e que tanto o tractor como as desbrozadoras cando van ó taller, menos de dous mil euros é case imposible que non se gastaran.

### **3ª.-EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 02 DE DECEMBRO DE 2021 APARECE UNHA FACTURA DE LUMIEIRA, GESTIÓN URBANÍSTICA POR UN IMPORTE DE 3.630 EUROS ¿QUE TRABALLOS FIXERON?**

*A Sra. Alcaldesa despois de indicar que a sesión fora o día 24/11/21, matizou que a factura eran polos honorarios dos avogados no Contencioso Administrativo interposto pola empresa Marful e Varela pola execución subsidiaria na execución da sentenza, que o ganara o concello e que a empresa tiña que pagar o que gastara o concello.*

### **4ª.-EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 02 DE DECEMBRO DE 2021 APARECE UNHA FACTURA DE Mª. PILAR PORRAL IGLESIAS POR IMPORTE DE 5.880 EUROS. ¿QUE TRABALLOS FIXO?**

*Despois de aclarar tamén a Alcaldía que a Xunta celebrárase o día 24/11/21 indicou que tratábase dos obradoiros de igualdade de cine, teatro, baile, radio que fixéranse no colexio durante un mes e que foran actividades subvencionadas o cento por cento pola Xunta de Galicia.*

### **5ª.-EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 08 DE NOVEMBRO DE 2021 APARECE UNHA FACTURA DE SENÉN PRIETO**





## Concello de Lourenzá

### **INGENIERÍA, S.L., POR IMPORTE DE 7.053,54 EUROS. ¿QUE TRABALLOS FIXERON?**

A Sra. Alcadesa informou que referíase a redacción do proxecto técnico dos camiños financiados co remanente de Tesourería e ante a pregunta do voceiro do P. Popular de porqué o facía unha empresa externa e non os técnicos do concello, respondeu que fora unha decisión municipal.

### **6ª.-NO MES DE FEBREIRO ESTIVERON TRABALLANDO NUNHA PISTA NO LUGAR DE TERCIAS ¿PODEN EXPLICARNOS QUE TRABALLOS FIXERON?**

Contestouse que amañarase a pista con zahorra e limparanse as cunetas ao que o Sr. Rodríguez Barreira indicou que , como se falara antes, fora unha das pistas que fora desfacéndose polos maderistas, que xa con este equipo de goberno votarase pedra da canteira e fora amañada e pisada cu firme de asfalto bo.

Pola Alcaldía indicouse que levaba tempo presentando problemas, sobre todo de auga, e se fixera soamente onde estaba o problema da auga, onde estaba máis fundido, votaranlle pedra e zahorra porque anagábase todo, e despois Ignacio fixera un drenaxe na parte de abaixo.

O voceiro do P. Popular indicou que, neste caso o maderista fora Javier e puxera moita vontade pero non quedaban ben, limpábanse as cunetas pero iso non era amañar a pista, que tiña tres o catro cortes e que o día que chovera ía a presentar moitos problemas.

### **7ª.-RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DOS DÍAS 15 DE DECEMBRO DE 2021 CON NÚMERO 2051 E DO 4 DE XANEIRO DE 2022 CON NÚMERO 0013 ¿DE QUE SON AS FACTURAS?**

Pola Alcaldía informouse que tratábase dos servizos prestados en ximnasia de mantemento nas parroquias por Serviplus, que eran dous días á semana en tres sitios: Santo Adrao, Santo Tomé e Vilanova, é dicir impartíanse tres clases cada día, dous días cada semana, e que a empresa Serviplus cría que era de Diego Villalba.

### **8ª.-RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DOS DÍAS 15 DE DECEMBRO DE 2021 CON NÚMERO 1027 E DO 14 DE XANEIRO DE 2022 CON NÚMEROS 0059 E 0062 ¿DE QUE SON AS FACTURAS?**

Nesta pregunta, o Sr. Rodríguez Barrera informou que estaban mal as referencias das facturas, ó que Alcaldía informou que a primeira non a atopara, e que as outras dous, as números 59 e 62, referíanse as de transportes de Morán, e estaban duplicadas, era a mesma e ademais fora rexeitada porque non era correcta e que estaban pendentes de aclarar uns temas, que se trataba dos viaxes a Burela e Xove dos nenos de Mondoñedo, Lourenzá e Foz que facían Formación Profesional, que non tiñan transporte público e os pais pediran colaboración ós concellos, que o Concello de Mondoñedo xa o fixera o ano paado e incluso o anterior e que agora mirarase de





## Concello de Lourenzá

repartir entre todos, incluso Foz e de cobrar a cada concello a parte que lle correspondía e como o importe que viñera non cadraba co falado nun principio, por iso non se abonaron e estaban pendentes de ter unha reunión para aclarar o tema.

### **9ª.-RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DO DÍA 20 DE XANEIRO DE 2022 CON NÚMERO 0100, ¿QUE TRABALLOS FIXERON PARA ESA FACTURA?**

Informou a Alcaldesa que se trababa da factura de Belfoga polo alumeado colocado no Nadal e o Sr. Rodríguez Barrera apuntou se non sería mellor investir en material para non ter que recorrer a unha empresa de fora que ademais sempre poñía o mesmo alumeado como nas farolas, ao que a Sra. Alcaldesa respondeulle que alegrábase que lle fixera esa pregunta, porque tódolos anos invertía algo en material, íase pouco a pouco porque era caro, que de feito as luces que se poñían no kiosko, na rotonda e nas parroquias xa eran municipais, pero que tamén había o problema de se querías cambiar a decoración, igual que coa empresa, e que por suposto o ideal era cambialas cada ano, pero mirárase nas que colocaba a empresa e a diferenza de prezo era enorme, tiñan un prezo desorbitado e subía moitísimo a factura por iso non se fixera.

### **10ª.-RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DO DÍA 31 DE XANEIRO DE 2022 CON NÚMERO 0169, ¿QUE TRABALLOS FIXERON PARA ESA FACTURA?**

A Alcaldía indicou que era outra factura de Rouco que referíase a un reten e outras pezas e que pensaba que algo era da desbrozadora.

### **11ª.-RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DO DÍA 07 DE MARZO DE 2022 CON NÚMERO 0411, ¿QUE TRABALLOS FIXERON PARA ESA FACTURA?**

*A Sra. Alcaldesa informoulle que referíase a minuta polo asesoramento do avogado cando fora o xuízo que tivera a traballadora social co marroquí que destrozara as instalacións municipais.*

### **12ª.-RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DO DÍA 07 DE MARZO DE 2022 CON NÚMERO 0429, ¿PODEN EXPLICARNOS ALGO?**

Pola Alcaldía indicouse que referíase ó cumprimento dunha sentenza polo desbroce duns setos no que houbera unha denuncia, a Resolución refírese ó pago da franquicia, que é o que ten que pagar o concello e o seguro pagaría o resto, e que o total fora arredor de catro mil euros.

### **13ª.-¿PORQUE RAZÓN NON SE CELEBROU O PLENO QUE TOCABA NO MES DE XANEIRO?**

*A Sra. Alcaldesa indicoulle que xa os avisara, que ían a Fitur, e tampouco había tantos asuntos ni ningunha moción e optamos por non facelo. O Sr. Rodríguez Barrera apuntou que había preguntas pendentes.*





## Concello de Lourenzá

### **14ª.-CELEBRAMOS, QUE POR FÍN SE DIGNARAN A IR A FITUR, DESPOIS DE 7 ANOS DE GOBERNO. PERO GUSTARÍANOS SABER ¿QUEN QUEDOU Ó CARGO DO CONCELLO ESES DÍAS?**

*Pola Alcaldía contestouse que había máis concelleiros, que quedara o segundo tenente de Alcalde, o Sr. Arango Ron, e que polo tanto o concello non quedara desatendido en ningún momento, e ademais foran a Madrid e soamente un fin de semana , que tampouco estaba tan lonxe, e se pasara algo, poderían vir en poucas horas ademais de ter sempre o teléfono operativo.*

*O Sr. Arango indicou que o que habería que celebrar dese Fitur era que non houbera preguntas de canto se gastara ou sobre que facturas houbera como pasara nos anos anteriores porque lle pareceran moi mal os gastos moi esaxerados e excesivos que se presentaran cando gobernaba o Partido Popular.*

O Sr. Rodriguez Barreira matizou que aínda que eles renunciaran ás axudas de custo, a el non lle parecería mal que se pasaran os gastos ocasionados sempre que non fora xente de máis pero que era da opinión non deberían terse ido os dous, que a Sra. Alcaldesa podía coller as vacacións cando quixera pero que para iso estaba o Tenente de Alcalde e tamén aclarou que era totalmente partidario de que Lourenzá estivera presente en Fitur.

Pola Alcaldía replicóuselle que no só había un Tenente de Alcalde, que quedara o segundo, que estivera no concello e que ademais os traballadores quedoulles especificado todo o que tiñan que facer, e insistiu en que o concello non quedara desatendido en ningún momento.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Cod. Validación: 6CP7PT5HGHEG5GEJLWXG7WT4 | Corrección: <https://concellodeLourenzã.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 20